

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Resolución do 2 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se modifica a Resolución do 29 de maio de 2009, pola que se regulaba a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

Con data do 5 de xuño de 2009 (DOG número 109, do 5 de xuño) publicouse a Resolución do 29 de maio de 2009 pola que regulaba a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

No artigo 14.5º da resolución citada establecíase que os beneficiarios deberán presentar, en data límite do 16 de novembro de 2009, a xustificación e entrega da totalidade da documentación xustificativa das subvencións concedidas.

Por causas sobrevidas, esencialmente debidas ás reorganizacións administrativas internas e en atención ao importante número de solicitudes presentadas, produciuse un significativo atraso na resolución dos expedientes de subvencións, de tal forma que o prazo establecido para a xustificación da realización das accións subvencionadas resulta de difícil cumprimento por parte dos beneficiarios. Con base no exposto, considérase necesario para facer viable o proceso de xestión e garantir a maior eficacia posible da convocatoria de subvencións, e unha vez que non causa prexuízos a terceiros, en aplicación do artigo 45 do Regulamento da Lei galega de subvencións (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro) proceder á ampliación do dito prazo.

En virtude do exposto e vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Ampliación do prazo.*

Modifícase o artigo 14.5º da Resolución do 29 de maio de 2009 pola que se regula a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de integración da poboación inmigrante extracomunitaria na Comunidade

Autónoma galega durante o ano 2009, e se procede a súa convocatoria, que queda co seguinte teor literal:

«O prazo de xustificación e entrega da totalidade da documentación será ata o 30 de novembro de 2009».

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

Resolución do 5 de novembro de 2009, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se modifica a Resolución do 29 de maio de 2009, pola que se regulaba a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

Con data do 5 de xuño de 2009 (DOG nº 109, do 5 de xuño) publicouse a Resolución do 29 de maio de 2009, pola que se regulaba a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009.

No artigo 14.5º da resolución citada establecíase que os beneficiarios deberán presentar, en data límite do 16 de novembro de 2009, a xustificación e entrega da totalidade da documentación xustificativa das subvencións concedidas.

Por causas sobrevidas, esencialmente debidas ás reorganizacións administrativas internas e en atención ao importante número de solicitudes presentadas, produciuse un significativo atraso na resolución dos expedientes de subvencións, de tal forma que o prazo establecido para a xustificación da realización das accións subvencionadas resulta de difícil cumprimento por parte dos beneficiarios. Con base no exposto, considérase necesario para facer viable o proceso de xestión e garantir a maior eficacia posible da convocatoria de subvencións, e unha vez que non causa prexuízos a terceiros, en aplicación do artigo 45 do Regulamento da Lei galega de subvencións (Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro), proceder á ampliación do devandito prazo.

En virtude do exposto e vistos os preceptos legais citados e demais de xeral e pertinente aplicación,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Ampliación do prazo.*

Modifícase o artigo 14.5º da Resolución do 29 de maio de 2009 pola que se regula a concesión, en

régime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos, mancomunidades de concellos e consorcios locais, para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega durante o ano 2009, e se procede á súa convocatoria, que queda co seguinte teor literal:

«O prazo de xustificación e entrega da totalidade da documentación será ata o 30 de novembro de 2009, excepto no suposto de prazas de aloxamento, en que o prazo de xustificación e entrega da documentación, no que respecta a estas, será ata o 1 de decembro de 2009».

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2009.

J. Santiago Camba Bouzas
Secretario xeral da Emigración

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Resolución do 9 de outubro de 2009, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, sobre a aprobación definitiva do proxecto de delimitación do solo do núcleo rural de San Cibrao de Las, concello de San Amaro (Ourense).

O Concello de San Amaro remitiu o expediente de delimitación do núcleo rural de San Cibrao de Las, tramitado ao abeiro do punto 2 da disposición adicional 2ª da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (en diante LOUG) solicitando a súa aprobación definitiva.

I. Antecedentes.

1. O Concello de San Amaro non dispón de ningún instrumento de planeamento xeral municipal.

2. O expediente foi tramitado de acordo co previsto no inciso terceiro do punto 2 da disposición adicional segunda da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, na redacción dada pola Lei 15/2004, e nel constan:

-O sometemento ao trámite de información pública, que se levou a cabo mediante a publicación de anuncios no DOG nº 115, do 15-6-2009 e nos xornais *La Voz de Galicia* e *La Región* de Ourense con data do 12-6-2009 e 16-6-2009.

-Certificación do secretario municipal con data do 24-8-2009 no que se reflicte que no devandito período non se presentaron alegacións.

-Certificado do acordo de aprobación provisional, adoptado polo pleno do concello na súa sesión do 27-8-2009.

II. Consideracións e motivación.

Logo de analizar o expediente remitido polo concello e á vista do informe técnico elaborado no Servizo de Urbanismo, cómpre facer as seguintes consideracións:

1. No proxecto remitido queda xustificada a preexistencia e o recoñecemento do núcleo rural de San Cibrao de Las.

2. Á vista da ordenación aplicable, a delimitación proposta para o asentamento tradicional é admisible, xa que cumpre os requisitos establecidos no artigo 13.3º da Lei 9/2002. O réxime xurídico aplicable aos terreos incluídos na delimitación será o establecido pola Lei 9/2002, para o solo de núcleo rural; seralle igualmente aplicable, en todo aquilo que non vulnere nin vaia contra o devandito réxime xurídico, o contido da ordenanza do solo non urbanizable de núcleo rural das vixentes normas provinciais.

3. De acordo co punto 2 da disposición adicional segunda da LOUG (modificada pola Lei 15/2004), e a Orde do 11 de maio de 2009 sobre adscrición de órganos e delegación de competencias como consecuencia da entrada en vigor do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos expedientes de delimitación de solo de núcleo rural correspóndelle a secretaria xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo.

III. Resolución.

1. Visto canto antecede, apróbase definitivamente o proxecto de delimitación do solo de núcleo rural de San Cibrao de Las, concello de San Amaro (Ourense).

2. Contra esta resolución non caberá interpoñer recurso en vía administrativa, podendo interpoñer recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación, sen prexuízo da formulación, se é o seu caso, do requirimento previo en igual prazo (artigos 44 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa).

3. Notifíquese esta resolución ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2009.

María Encarnación Rivas Díaz
Secretaria xeral de Ordenación do Territorio
e Urbanismo